

Preparados pitiños/as e peixiñas/os :
Cabeciñas pensantes a traballar !
Imos polo máis difícil aínda.
Moita sorte e a comezar!

1. PUZZLE SUDOKU

Como xa sabedes hai que encher as casillas de modo que cada unha das seis filas, seis columnas e seis seccións 2 por 3, conteñan todos os números do 1 ao 6.

4	6	2	5		
5		1			4
			6		2
2		6		4	
3			2		
		3	4	2	5

2. TRABALÍNGUAS

A DIVERTIRSE ENREDANDO COA LINGUA!!!
E POÑENDO A TRABALLAR A MEMORIA!!!

DEBAIXO DUNHA PIPA TINTA,
HAI UNHA PITA PINTA,
CANDO A PIPA TINTA PINGA,
A PITA PINTA PÍA.




3.BARQUIÑOS DE PATACA E QUEIXO

ESTA RECEITA NECESITA COCIÑARSE NO FORNO ASÍ QUE PIDE AXUDA A UN ADULTO PARA POÑER AS PATACAS A ASAR E COMPROBAR DESPOIS DUNHA HORA SE ESTÁN BEN FEITAS.

INGREDIENTES

- . DOUS ANACOS DE MANTEIGA.
- . 50G. DE QUEIXO RAIADO.
- . DÚAS PATACAS GRANDES LAVADAS.



- **PARA DECORAR-**
- . CHAMPIÑÓNS
- . TIRIÑAS DE PEPINO
- . ACEITUNAS NEGRAS
- . CENORIAS
- . LONCHAS DE QUEIXO
- . PEMENTOS
- . LEITUGA
- . BERROS



COMO SE FAI

- 1. POÑER O FORNO A 200°.
PINCHAR AS PATACAS E COLOCÁLAS NA
BANDEXA DO FORNO PREVIAMENTE ENGRASADA.
ASÁLAS DURANTE UNHA HORA OU HORA E MEDIA.**



- 2. CANDO ESTÉN COCIDAS, CORTALAS POLA
METADE AO LONGO. BALEIRAR E COLOCAR A
PULPA NUN RECIPIENTE E ESMAGAR. DESPOIS
MESTURAR CO QUEIXO E A MANTEIGA.**




- 3. VOLVE A METER A MESTURA NA PEL DAS PATACAS
E ALISA A SUPERFICIE. LOGO INTRODÚCEAS DE
NOVO NO FORNO 15 MINUTOS.**




COMO DECORALAS

PODEDES DECORAR AS PATACAS TRANSFORMÁNDOAS EN BARCOS DE VELA, DE VAPOR, BOTES DE REMOS, OU OUTROS DESEÑOS QUE SE VOS OCORRAN.

**DESFRACTE MOITO DA EXPERIENCIA!
QUE APROVEITE QUERIDÍSIMOS CHEFS!**



BARCO DE VELA



BARCO DE REMOS



BARCO DE VAPOR

4.FERMOSOS DEBUXOS

Agora que xa podedes saír pasear, gústaríanos que nos fixédes un precioso debuxo dese lugares polos que saídes pasear coa vosa familia e que tanto botabamos de menos. Non esquezades escribirmos un pequeno texto do lugar por onde paseades e as persoas coas que ides.



FUN PASEAR AO PARQUE DE EIRÍS CO MEU PAI E A MIÑA IRMÁ PEQUENA QUE SE CHAMA CELTIA.